



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xestión de tesourería municipal

CONVOCATORIA: Convocatoria de local

GRUPO: Cursos Local

ÁREA: Réxime xurídico e xestión das entidades locais

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	30
ADMINISTRACIÓN:	LOCAL	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 02/03/2022 - 08:00h ao 15/03/2022 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Evolución da tesourería municipal. Instrumentos de planificación da tesourería municipal e xestión da liquidez. Medios de ingreso e de pago. Análise dos principais recursos das facendas locais. A recadación municipal. Contabilización das contas de tesourería e fiscalización externa da tesourería municipal.

DESTINATARIOS

- Funcionarios con habilitación de carácter nacional que estean prestando servizos na Administración local ou noutras Administracións públicas de Galicia.
- Persoal ao servizo das entidades locais de Galicia.

PROGRAMA

- A tesourería municipal: antecedentes e situación actual.
- Planificación da tesourería e xestión da liquidez. O plan de disposición de fondos e o plan ou orzamento de tesourería. A xestión da liquidez: colocación de excedentes e necesidades de financiamento a curto prazo.
- Os medios de ingreso e de pago. Pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa.
- Os recursos das facendas locais. Principais figuras tributarias. A participación nos tributos do Estado e no Fondo de Cooperación Local de Galicia. Outros recursos das entidades locais.
- Recadación municipal: período voluntario e executivo. A delegación da xestión recadadora nas deputacións. Diferentes sistemas da prestación deste servizo polas deputacións galegas.
- Tratamento contable do epígrafe «Efectivo e activos líquidos equivalentes». Contabilización dos movementos da caixa operativa e das contas operativas e restrinxidas de recadación de bancos e institucións de crédito.
- Fiscalización da tesourería municipal: as normas internacionais de auditoría do sector público. Especial referencia ao control externo do Consello de Contas de Galicia sobre as existencias en caixa na rendición da conta xeral e no transcurso dunha fiscalización.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

- 1.- Funcionarios con habilitación de carácter nacional que estean prestando servizos na Administración local ou noutras Administracións públicas de Galicia
- 2.- Persoal ao servizo das entidades locais de Galicia.
- 3.- Criterios xerais da EGAP

3. DATOS EDICIÓN

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 25/04/2022 a 27/05/2022

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 01/06/2022 ás 17:30h

DOCENTES NOMEADOS

DOMINGO A. GUERRA PARÍS

LUGAR DE REALIZACIÓN

Exame en liña